

A Eurocidade Chaves-Verín, AECT como membro da Asociación Europea de Cidades Termais Históricas (siglas en inglés: EHTTA https://ehtta.eu/portal/es/home-3/) recibiu os días 25 e 26 novembro a visita da Dra. Cristina Farinha da Universidade do Porto, sendo designada para avaliar o Roteiro Termal e da auga Verín-Chaves-Vidago no ámbito do Itinerario Cultural Europeo do Consello de Europa que integran as cidades con Herdanza Termal en Europa, representadas pola EHTTA.

A Dra. Cristina Farinha estivo acompañada pola Directora Executiva da EHTTA, Simone Zagrodnik e o Presidente do Comité Científico da EHTTA, Mario Crecente. Por parte da Eurocidade Chaves-Verín, AECT estivo presente tamén o Delegado por Verín, Diego Lourenzo, e o equipo técnico da entidade transfronteiriza.

Onte, 25 de novembro, realizouse en Vidago: visitouse o patrimonio do Vidago Palace, o Posto de turismo e por último, o Balneario Pedagóxico de Vidago. Hoxe, a visita transcorreu por Chaves e Verín. Visitáronse os principais puntos termais e históricos do territorio: as Termas de Chaves, O Museo Claustro Mercedario de Verín, Caldeliñas e Cabreiroá.

Durante o transcurso da visita, a delegación reuniuse cos diferentes responsables das instalacións termais e turísticas da Eurocidade.

Esta visita serve como mostra da importancia do complexo patrimonial termal da Eurocidade e a súa importancia como Itinerario Cultural Europeo.

Ademais do Roteiro Termal e da auga, o patrimonio e a cultura de Chaves e Verín foron presentadas como parte importante deste Itinerario.